BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
MÉRCORES, 18 DE XANEIRO DE 2023 N.º 014
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

*Anuncio*

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2022.

| Entidade Beneficiaria | NIF | Tipo de Subvención | Finalidade | Aplicación orzamentaria | Importe | Órgano de Aprobación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Concello de Vilalba | P2706500B | Nominativa | Aportación conservatorios | 3240.46200 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Federación Provincial de Asociacions de Padres de Alumnos de Centros Estatales de Lugo | G27019140 | Nominativa | Proxecto Coa Educación por Diante | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Universidade de Santiago de Compostela | Q1518001A | Nominativa | Proxecto Estalmat | 3340.48900 | 3.000,00 € | Presidencia |
| Sociedade Musical Rabadense Músico Crisanto | G27405497 | Nominativa | Gastos de xestión e actividades | 3340.48900 | 21.000,00 € | Presidencia |
| Asociación Educando en Familia | G27437581 | Nominativa | Gastos de funcionamento e xestión | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Escuela de Música de Antas de Ulla | G27029891 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 6.000,00 € | Presidencia |
| Asoc. de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares | G27300052 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 5.000,00 € | Presidencia |
| Asoc de Gaiteiros Galegos | G15208358 | Nominativa | Gastos de xestión e funcionamento da Tradescola e actividades | 3340.48900 | 70.000,00 € | Presidencia |
| Universidade de Santiago de Compostela | Q1518001A | Nominativa | Lugo Cultural | 3340.48900 | 20.000,00 € | Presidencia |
| Federación de Libreros de Galicia | V15038458 | Nominativa | Feiras do libro na provincia de Lugo | 3340.48900 | 3.000,00 € | Presidencia |

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Asociación Escritoras e Escritores en Lingua Galega | G15039936 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 20.000,00 € | Presidencia |
| Sociedad Filarmónica de Monforte | G27013424 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 9.000,00 € | Presidencia |
| Fundación Uxío Novoneyra | G27407238 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 20.000,00 € | Presidencia |
| Asociación OF Outono Fotográfico | G32479263 | Nominativa | Premio de Galicia de Fotografía Contemporánea | 3340.48900 | 3.000,00 € | Presidencia |
| Asoc. Cultural Amigos do Folión | G27113638 | Nominativa | Folión de Carros de Chantada | 3340.48900 | 5.000,00 € | Presidencia |
| Museo do Pobo Galego | G15037195 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Real Academia Galega | Q1568003F | Nominativa | Gastos de funcionamento | 3340.48900 | 9.000,00 € | Presidencia |
| Asociación As San Lucas | G27438233 | Nominativa | Feiras As San Lucas | 3340.48900 | 20.000,00 € | Presidencia |
| Asociación Cultural Esmorgart | G27464635 | Nominativa | Esmorga Fest (Festival Indie de Sarria) | 3340.48900 | 6.000,00 € | Presidencia |
| Xermolos | G27014885 | Nominativa | Festival de Pardiñas | 3340.48900 | 20.000,00 € | Presidencia |
| Asoc Cultural Lugopatrimonio | G27341916 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 5.000,00 € | Presidencia |
| Asoc de vecinos María Castaña | G27127067 | Nominativa | Gastos de funcionamento e actividades | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Asoc cultural Cántigas e Frores | G27014018 | Nominativa | Actividade "Feira do 48" | 3340.48900 | 6.000,00 € | Presidencia |
| Asociación de Veciños de Vilachá | G27145556 | Nominativa | Posta en valor do Castro do Castrelado | 3340.48900 | 4.000,00 € | Presidencia |
| Asoc Socio Pedagóxica Galega | G15154297 | Nominativa | Funcionamento e Actividades | 3340.48900 | 12.000,00 € | Presidencia |
| ADEGA | G15044811 | Nominativa | Funcionamento e Actividades | 3340.48900 | 8.000,00 € | Presidencia |
| Facela Producciones | G27499417 | Nominativa | FA CE LA FEST 2022 | 3340.48900 | 8.000,00 € | Presidencia |
| Camino Escena Norte AIE | V95958914 | Nominativa | Encontro profesional de artes escénicas Habitación Peregrina Pro | 3340.48900 | 8.000,00 € | Presidencia |
| Fundación Uxío Novoneyra | G27407238 | Nominativa | Rehabilitación sede para usos culturais | 3340.48900 | 15.000,00 € | Presidencia |
| Asoc de desarrollo rural Serra do Caurel | G27237494 | Excepcional | Courel Son 2022 | 3340.48911 | 3.000,00 € | Presidencia |
| La Unión de Sarria | G27020023 | Excepcional | Adquisición de equipamento de son | 3340.789 | 8.000,00 € | Presidencia |
| Asociación Mindomúsica | G27511468 | Excepcional | Parroquias Tour | 3340.48911 | 1.500,00 € | Presidencia |
| Asociación Sonverbam | G09810813 | Excepcional | Festival A Verbena | 3340.48911 | 3.000,00 € | Presidencia |

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Lugo, 11 de xaneiro de 2023.- Vº.Bº. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0091

# CONCELLOS

## BECERREÁ

*Anuncio*

**EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 09/01/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2023 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/03/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0092

## CERVANTES

*Anuncio*

**Información pública**

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 30 de decembro de 2022, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (4º trimestre de 2022).

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (4º trimestre de 2022).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 11 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0093

---

## FRIOL

*Anuncio*

**DON JOSÉ ANGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,**

Visto que pola Xunta de Goberno Local, con data 3101.2022, adotouse acordo de participación non Plan Provincial único de cooperación cos Concellos 2022, da Excma Deputación Provincial de Lugo, figurando no mesmo investimentos, o programa SAF e o de Fomento de Emprego. No devanito acordo facúltase expresamente á Alcaldía para o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e os correspondentes expedientes.

Visto que dentro do programa de fomento de emprego polo Concello de Friol, realizouse memoria na que se acordaba solicitar ao abeiro do devandito Plan, financiación para a contratación de cinco traballadores coa categoría de peóns e de un traballador coa categoría de técnico.

Visto que dentro do programa de fomento de emprego polo Concello de Friol, Resolución de Alcaldía de 19.10.2022, se comunicou a modificación do perfil, número de traballadores e duración dos contratos dos candidatos, mantendo a mesma financiación prevista.

Visto que o 31.12.2022, estinguiuse o contrato do traballador contratado por un periodo de 11 meses -formalizouse contrato de sustitución, e deixaron de concurrir as causas que o motivaron amortizándose a praza- e sendo 4.314,03 euros os custes salariais devengados polo traballador contratado.

Visto que debido á situación dos traballadores do Concello (declaración de incapacidade permanente e creación de un posto de peón de servizos múltiples), así como as continuas necesidades de prestación de servizos de mantemento e conservación dos espazos naturais do Concello de Friol, zonas verdes de valor recreativo e ecolóxico, en especial o mantemento do Camiño de Santiago o seu paso por Friol, pola alta afluencia de pelegríns durante o último ano, faise necesario contar con peóns de servizos múltiples, durante un periodo de tempo continuado, con prestación de servizos o longo do ano e reforzados na tempada primavera verán.

Visto que a conservación de espacios naturais e relevante o longo de todo o ano, interesa con carácter urxente, a contratación de un peón a xornada completa de conformidade coas bases que se xuntan o presente decreto como Anexo I.

Visto que no punto II das bases do Plan Unico, establécese entre as obrigas do Concello, comunicar calquera modificación que afecte á solicitude de alteración da inicialmente realizada. No punto 16 refírese á execución de programas, no apartado 1 aos investimentos e no apartado 2 ao resto dos programas. No mesmo dise que os concellos poderán solicitar motivadamante a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite de vencemento de cada programa, respectando en todo caso a mesma finalidade,

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

e por consecuencia a aplicación orzamentaria, e que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas.

Visto que se comunicou o decreto de 12.01.2023 xunto coas bases de selección de persoal laboral para a provision de 1 postos de peón de servizos de usos múltiples á Excma Deputación Provincial de Lugo, aos efectos oportunos e que por dita administración se deu traslado vía correo electrónico de 16.01.2023 da conformidade, procede iniciar o expediente de contratación de persoal, incluido no programa previsto de emprego.

Á vista do anterior e en uso das facultades que me confire a vixente lexislación e do acordo adoptado no seu día pola Xunta de Goberno Local,

**DECRETO:**

A aprobación das bases en orde á selección de un peón de servizos múltiples das características e modalidade de contratación reflictidas a continuación e de conformidade coas bases que figuran como Anexo I do presente decreto:

**CARACTERISTICAS DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO**

| | |
|---|---|
| Denominación do posto: | Peón de servizos múltiples |
| Réxime | Contrato substitución por vacante |
| Unidade/Área | Obras |
| Categoría profesional | 10 |
| Titulación esixible | Estudios primarios ou equivalentes |
| Sistema de selección | Concurso-oposición |
| Núm. de Postos que se convocan | 1 posto |
| Duración | Ata cobertura posto |

**MODALIDADE E CONDICIONS DO CONTRATO**

| | |
|---|---|
| Modalidade segundo regulación do RDL. 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)- | Cláusulas específicas contrato de substitución |
| Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial) | Xornada completa |
| Xornada de traballo | 37,5 horas semanais |
| Retribución bruta | 20.915,02 euros anuais |

Publicar as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que manda e asina en Friol, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0137

## CHANTADA

*Anuncio*

**EXPTE: 10/2022**

**BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CONTRATACIÓN POR UN PERÍODO DE 6 MESES NO 2023, DE CINCO OFICIAIS DE PRIMERA: 1 ALBANEL, 1 PALISTA, 1 CONDUCTOR PARA CAMIÓN, 1 CONDUCTOR PARA CAMIÓN CON CUBA, UN CONDUCTOR TRACTOR-DESBROZADORA E TRES PEONS ESPECIALISTAS; O ABEIRO DO "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022".**

**BASES XERAIS**

**PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, mediante un contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e inserción laboral, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas sinaladas o abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos en 2022, promovido pola Deputación

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

provincial de Lugo incluído no programa B3, ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: www.concellodechantada.org.

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

**SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

**TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

**A)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

**B)** Estar en posesión da titulación de esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

**C)** Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**D)** Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**E)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**F)** Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o esixido para cada praza nas Bases Específicas.

**G)** Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

**H)** Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados, cando esta proceda, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e deberán expresalo no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

**I)** As persoas a contratar deberán xustificar a situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada laboral sexa igual ou inferior ó 50% da xornada de conformidade co disposto na cláusula 8ª.1 do Plan, que se transcribe literalmente: "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación de procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ó 50% da xornada, ..."

Este extremo acreditarse coa presentación da correspondente vida laboral actualizada a data de solicitudes.

**<u>CUARTO</u>.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr.Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo o correo electrónico: persoal@concellodechantada.org, remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

**<u>QUINTO</u>.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

**5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

**5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

**5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

**5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**

**5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

**5.6.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS...) DEBIDAMENTE COTEXADA.**

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

**5.7.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES**. Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección polo turno de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

**SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.

2) **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.

3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da cofidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercizo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

**PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesión que se produzan en distintos días, a percibir as axudas

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

**<u>SÉPTIMO</u>.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

- **FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica e /ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordes coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presencia dos aspirantes afectados.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

- **FASE DE CONCURSO**.

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

**<u>OITAVO</u>.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada o, farase constar a causa da exclusión e concederase un prazo de cinco días hábiles para que polos interesados póidanse formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicarase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporanse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administración publicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

**<u>NOVENO</u>.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos.

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudios realizados.

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

**DÉCIMO.- BOLSA DE TRABALLO**

Os aspirantes que teñan superado a fase de oposición pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertados pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais da data na que remate o programa fomento de emprego 2022.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.

- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

**UNDÉCIMO.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

**DUODÉCIMO.- RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**ANEXO I TEMARIO**

TEMA 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

TEMA 2.- Breve idea do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

TEMA 3.- Diferentes materiais e ferramentas en construcción.

TEMA 4.- Elementos da construcción: Muros Tabiques, paredes.

TEMA 5.- Demolicións.

TEMA 6.- Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 7.- Reparación de camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 8.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 9.- Conceptos básicos acerca de la identificación de diferentes vías: Locales, provinciais, autonómicas y estatais.

TEMA 10.- Conceptos básicos sobre pavimentación de vías públicas.

**ANEXO II. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO: PRAZA DE PEÓN ESPECIALISTA, O ABEIRO DO "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022".**

**1.- Obxecto da convocatoria:** é obxecto das presentes bases a contratación de 3 PRAZAS DE PEÓNS ESPECIALISTAS do Concello de Chantada, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "B Programa fomento do emprego 2022", incluido dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2022, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 10/01/2022; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 09/02/2022.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal.

| CONCEPTO | IMPORTE MENSUAL |
|---|---|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra | 1.513,04 € |
| Seguridade social mensual | 579,49 € |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 302,61 € |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias de peón especialista de obras e as asinadas polo Alcalde da Corporación e o servizo de obras, entre outras:

Servicio ós oficiais palista, camioneiros e do tractor-desbrozadora. Traballos sinxelos de albanelería; mantementos sinxelos; limpeza e desbroces de camiños e estradas; colaboración nas obras de compactación de caixas de camiños, subases, bachecos, rexeneración e asfaltado de camiños e estradas; manexo de gravilladora e apoio á mesma, manexo de cuba e da mangueira/lanza de riego.

**4.- Requisitos imprescindibles**: Celga 1 o equivalente.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requerida.** Certificado de escolaridade equivalente ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) **Fase de oposición**. De carácter eliminatoria.

B) **Fase de concurso**.A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

A) **FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nível CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política linguística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do níveis de coñecemento da língua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o día seguinte do asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**B) FASE DE CONCURSO**. Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

1) Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.

- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

i) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) OU EQUIVALENTE. No caso de que non se posúa haberá que superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

j) Acreditar formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.

k) Dispor de permiso de conducir B e dispor de vehículo para desprazarse, ou ben declaración responsable de dispoñer de medio de transporte para desprazarse aos concellos da agrupación, así como aos domicilios, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 TREBEP).

**QUINTA.—FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1.—As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria, así como a aceptación expresa das bases de convocatoria

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, desta convocatoria e bases, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, a través da sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal) ou mediante algunha das formas previstas naLei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberá ncomunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, mediante correo electrónico dirixido a: concellomondonedo@gmail.com, indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUN FISIOTERAPEUTA PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTO e achegarán copia escaneada da solicitude rexistrada, DNI, permiso de conducir, titulación esixida, formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materiase acreditación de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir B.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega "CELGA 4", ou a súa validación, se é o caso, aos efectos de exención do exercicio de coñecemento da lingua galega (Base 8ª).
- Fotocopia cotexadada formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou familiar ou, alternativamente acreditar experiencia suficiente nestas materias.
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso-oposición convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

**SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

-a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.

-a designación do Tribunal cualificador e a data da súa constitución.

**-a data, hora e lugar en que se realizará a fase de oposición e a valoración de méritos, realizándose primeiro a fase de oposición**, debendo transcorrer cando menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro na sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante dous (2) días hábiles seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, na sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

**SÉTIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante Resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A efectos de percepción de asistencias, de ser o caso, o Tribunal terá a categoría segunda (2ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio.

**OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

**A puntuación máxima para as fases de concurso e oposición será de 20 puntos.**

FASE DE CONCURSO: ***A puntuación máxima para a fase de concurso será de 8 puntos.***

Consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polaspersoas aspirantes segundo o seguinte baremo

1.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: **Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un máximo de 5 puntos:**

a) Por servizosprestadosencalquera administración pública con menores e/ou familias con menores: 0,06 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores 0,03 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e Certificado de Epígrafes do IAE. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

**1.2. ACCIÓNS FORMATIVAS**

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.**

**Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver.**

a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.

b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.

c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso

d) Cursos de 5 a 50 horas, 0,15 puntos por curso

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organización sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

**FASE DE OPOSICIÓN:** ***A puntuación máxima para a fase de oposición será de 12 puntos.***

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

Os exercicioscelebraranse a porta pechada senoutra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O procedemento selectivo consistirá na realización dun único exercicio que terá carácter **obrigatorio e eliminatorio**:

-Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicioterá carácter obrigatorio e eliminatorio.

-Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos. As respostas erróneas e as preguntas non contestadas, non se contabilizarán.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

**PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado do Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

**NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios e na sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal) a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición. No caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver. De persistir o empate, este dirimirase con base nas Accións Formativas. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da proba da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento aos candidatos/as que máis puntuación obtivesen, non podendo declarar que superaron a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncien ao emprego.

**DECIMA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS**

Os/As aspirantes propostos/-as presentarán na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Copia autenticada do DNI.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaraa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

c) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentencia firme por delitos de índole sexual.

f) Tarxeta sanitaria da Seguridade Social e documento acreditativo do número de conta bancaria.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

**DÉCIMA PRIMEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

**DÉCIMO SEGUNDA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO POR UN PERÍODO DE TRES ANOS**

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncias do persoal seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- A comunicación da selección do candidato realizarase mediante un sistema de dobre chamada telefónica, na cal si o/a aspirante non responde, realizarase un segundo intento deixando transcorrer un tempo de quince minutos. Si efectuado o segundo intento non responde á chamada, o/a aspirante perde o dereito a ese contrato e pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego.Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- A renuncia ou a non finalización dun contrato no prazo establecido por causas imputables ao traballador suporá o paso ao último lugar da bolsa de emprego. Así mesmo, unha nova renuncia ou incumprimento dese prazo suporá a exclusión definitiva da bolsa de emprego.

5.- Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un traballador non superase o período de proba suporá a exclusión definitiva da bolsa.

6.- A primeira contratación será a tempo parcial (50% xornada) por un período de 6 meses, e unha vez finalizada a relación laboral, as sucesivas contratacións con cargo a esta bolsa, poderán ser a xornada completa ou parcial, en función das necesidades do servizo e do seu financiamento dispoñible.

7.- A vixencia da bolsa será por un período de tres anos a contar desde o día seguinte á publicación desta convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO.**

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal). O resto de actos do procedementopublicaransena sede electrónica (https://mondonedo.sedelectronica.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

**DÉCIMO CUARTA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

-Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.

-Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdicional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**DÉCIMO QUINTA.—NORMA FINAL**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.ª..................................................................................................................................................., con DNI......................................................, nado/-a ..................................................(data nacemento), veciño/-a de........................................................, con enderezo en..............................................................................................................................................................

Concello.................................................................... teléfono.................................................................. e correo electrónico.........................................................................................................................

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura dun emprego DE FISIOTERAPIA E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA ESTE POSTO PARA A CONTINUIDADE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía do 13 de xaneiro de 2023.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,....... de .................. de 2022

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**ANEXO II (TEMARIO)**

1. A Constitución Española do 1978.

2. Organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma

3. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadroamento.

4. O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.

5. Oorzamento das Entidades Locais. Documentos de que consta.

6. A provincia. Organización Provincial. Deputacións.

7. O persoalaoservizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.

8. Calidade dos datos. Dereito de información narecollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitosdixitais.

9. O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.

10. Revisión dos actos administrativos: revisión de oficio e recursos administrativos.

11. Dereito Administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

12. A Administración e a norma xurídica: o principio de legalidade.

**Materias específicas:**

1. Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizossociais de Galicia.

2. Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia.

3. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizossociais comunitarios e o seufinanciamento.

4. DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizossociais comunitarios e o seufinanciamento.

5. DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seucusto.

6. Orde do 2 de xaneiro de 2012, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

7. Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.

8. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

9. O servizo de educación e apoio familiar.

10. A coordinación profesional na intervención en atención temperá: Familia, escola...

11. Libro blanco da Atención Temperá. 2015-2017 Xunta de Galicia.

12. A Prevención en Atención Temperá. Niveis e actuacións.

13. DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

14. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas naLei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

15. Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá

16. Organización diagnóstica para a Atención Temperá. Federación estatal de asociación de profesionais de atención temperá.

17. Intervención Temperá en Europa: Organización de Servizos e Asistencia aosNenos e as súas Familias. Tendencias en 17 Países Europeos.

18. Axenda da Ateción temperá de Galicia

19. Resolución de 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolvela e avaliación anual correspondenteaoexercicio 2012 dos resultados de aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención áspersoas en situación de dependencia.

20. Medidas de apoio a personas con discapacidade.

21. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade.

22. Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

*23.* Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. “

Mondoñedo, 13 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0107

## MONTERROSO

*Anuncio*

**Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 10 de xaneiro de 2023, a modificación da ordenanza fiscal do imposto de actividades económicas do Concello de Monterroso, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 12 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 0095

## NAVIA DE SUARNA

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ó non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ó público, quedou automáticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de Navia de Suarna, adoptado en data 30 de novembro de 2022, de transferencia de créditos entre partidas de distinto grupo de función, o que se fai público co seguinte detalle:

| APLICACIÓN | CRÉDITO EN ALTA | |
|---|---|---|
| 151-22799 | Trab. outras empresas. Urbanismo | 8.520,00 |
| 161-210 | Abast. augas. Traballos de reparacións | 5.729,29 |
| 1621-22199 | Recollida de lixo e obxectos voluminosos | 2.688,51 |
| 165-22199 | Alumeado público. Subministros | 20.504,72 |
| 323-22199 | Colexio. Outros subministros | 6.307,73 |
| 330-22694 | Festas Magosto | 93,42 |
| 334-22694 | Festa da Androlla | 3.216,19 |
| 338-22699 | Festexos populares | 5.020,88 |
| 342-22199 | Edifcios deportivos. Subministros | 5.922,20 |
| 920-214 | Reparacións elementos de transporte | 7.609,65 |
| 920-22199 | Subministros de Luz e outros gastos xerais | 28.805,48 |
| 920-22699 | Outros gastos diversos | 2.322,93 |
| 920-22799 | Trab. outras empresas. Gastos xerais | 9.238,74 |
| 920-23020 | Traslados a cursos, oposicións, etc. | 342,60 |
| | **TOTAL ALTAS DE CRÉDITOS** | **106.322,34** |

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

| APLICACIÓN | CRÉDITO EN BAIXA | |
|---|---|---|
| 1532-619 | Invers. Reposición bens naturais | 10.000,00 |
| 1623-22799 | Traballos realizados por outras empresas | 12.293,96 |
| 171-210 | Infr. e bens naturaiss. Medio Ambiente | 1.000,00 |
| 231-23120 | Locomoción de persoal non directivo | 2.000,00 |
| 312-22699 | Outros gastos diversos. Educación | 15.000,00 |
| 454-210 | Infr. e bens naturais. Vías Públicas | 1.000,00 |
| 454-61920 | Obras en camiños municipais | 23.941,31 |
| 912-45 | A administración Comunidade Autónoma | 1.360,00 |
| 920-22500 | Tributos estatais | 1.500,00 |
| 920-22501 | Tributos autonómicos | 1.000,00 |
| 920-22502 | Tributos entidades locais | 1.000,00 |
| 920-61900 | Aportacións a Proxectos non subvencionados | 12.000,00 |
| 920-61924 | Mellora en Fontes de Navia de Suarna | 2.654,94 |
| 920-6320021 | Adquisición Stands | 4.492,13 |
| 920-63906 | Adquisición Retroexcavadora | 4.033,50 |
| 931-227096 | Trab. Outras Empresas. Admon. Financieira | 8.046,50 |
| 932-22799 | Trab. Outras Empresas. Admon. Tributaria | 5.000,00 |
| | **TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS** | **106.322,34** |

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdicción.

Navia de Suarna, 12 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0096

## PALAS DE REI

*Anuncio*

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE PALAS DE REI.

1. OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para aumentar os/as candidatos/as da bolsa de emprego para cubrir prazas de persoal laboral temporal no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Palas de Rei, que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, xubilacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Palas de Rei, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Inda que pasen a formar parte da bolsa non se poderá asinar contrato con aquelas persoas que xa estiveran traballando como persoal laboral do concello de Palas de Rei, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias da producción será de 6 meses dentro de un periodo de 12 meses.

En caso de que non chegaran a ese máximo, poderá asinarse contrato polo tempo que reste ata esa duración máxima.

Non se terá en conta este límite para cubrir prazas que queden vacantes de forma definitiva xa que o período de tempo neste caso será ata que se cubran mediante o correspondente proceso selectivo.

O contrato terá un período de proba de dous meses (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no concello de Palas de Rei).

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

Tamen quedarán eliminadas da lista aquelas persoas que renuncien á praza sin causa xustificada ou as que teñan un mínimo de tres apercibimentos escritos por incidencias no traballo.

As presentes bases publicarase anuncio no BOP de Lugo, a as bases de convocatoria no Taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello de Palas de Rei.

2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos na lista os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión da titulación esixida para a praza. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Posuír coñecemento do idioma galego.

f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

h) Contar con carnet de conducir B1 en vigor e vehículo propio para desprazamentos.

3.- INSTANCIAS. Os que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal (non é válido o envío a través de correo electrónico).

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello ou na sede electrónica, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante correo a info@concellopalas.org, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitiran este avance por mail dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles (non contan sábados, domingos e festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitude deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Copia da titulación que se esixa.

- Copia do título de galego que se valore.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases.

- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

- Copia de permiso de conducir B1

- Tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego do SEPE.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E MESA DE AVALIACIÓN.

Serán admitidas as persoas aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases. Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias nin os que non se presenten coa solicitude. (En caso de que a documentación xa conste presentada con anterioridade no concello, servirá si fan referencia na solicitude ó expediente no que figura dita documentación).

6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, elaborarase unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións as persoas interesadas no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicaráse a lista definitiva polos mesmos medios.

- PROCEDEMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES.

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso faráse de forma individualizada para cada candidato a través de teléfono móvil ou correo electrónico.

No caso de que, no día hábil seguinte non se conseguise contactar co interesado procederáse a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia. Destes chamamentos dará fé, mediante acta ó respecto, a secretaria-interventora A renuncia por causa xustificada (contrato laboral, baixa médica,...) non implicará a eliminación da lista, quedará en suspenso na mesma ata que volva a manifestar de forma expresa que quere reanudar os chamamentos en caso de que se produzan.

Si a renuncia non é por algunha causa xustificada, dita persoa quedará automáticamente eliminada da lista, o mesmo si renuncia voluntariamente ó contrato unha vez iniciado éste.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato de interinidade coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

Unha vez finalizado o período de contrato, o aspirante reintegraráse nas listas, na orde correspondente.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Pública.

Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

ANEXO I.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello: Personal laboral temporal, Grupo de cotización 9 e salario bruto mensual 965€, mais a parte proporcional das pagas extras.

As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Aplicaránselles os complementos retributivos previsos para este servizo en concreto.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Pagaranse os desprazamentos con vehículo propio, previamente xustificados, a 0,19 €/km.

2.- Horario e condicións do posto de traballo: Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos.

De todas formas o horario podería ser a xornada partida, de tarde e fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable e os acordos acadados na negociación colectiva.

3.- Titulación requerida: Conforme ó establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais de Igualdade (BOE 30/12/2017), consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente.

- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.

- Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería).

- Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente, técnico de atención sociosanitaria.

- Técnico superior en Integración social.

- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

4.- Requisitos específicos: Deberá contar con carné de conducir B1 e vehículo propio.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: - Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administración públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancians ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (Non se valorararán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes).

b) FORMACIÓN: - Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 0,75 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 1 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1,25 puntos De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

d) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS. Estar en situación de desemprego valorarase segundo da duración acreditada da mesma:

- mais de 12 meses consecutivos: 1 punto

- de 8 a 12 meses consecutivos: 0,75 puntos

- de 4 a 8 meses consecutivos: 0,5 puntos

- menos de 4 meses consecutivos: 0,25 puntos

Acreditarase mediante a tarxeta ou informe expedido pola Oficina de Emprego correspondente.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado.

Si ainda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación.

En último caso o desempate farase por sorteo.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

ANEXO II

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

D./D.ª ____________________________________________________________________ con DNI ___________________, con enderezo a efectos de notificación en ______________________________________________________________________, teléfono ___________________ e correo electrónico ______________________________

EXPOÑO:

1.Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Palas de Rei para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2.Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3.Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4.Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación: □ Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores. □
Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos. □
Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais. □
Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego.

O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases e que lle consta a información sobre protección de datos correspondente.

Palas de Rei, ____ de ____________de 2022

Sinatura:_________________________

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dª. _______________________________________________________________ , con DNI ______________________,

DECLARA

baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no concello de Palas de Rei, que:

A) Non foi separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autonómas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

En ____________________, a _____ de ______________________ de 2021.

O/A solicitante

Asdo:

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Palas de Rei, 12 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0097

## A PASTORIZA

*Anuncio*

**Edicto**

Por Resolución da alcaldía de data 11 de xaneiro aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 3º trimestre do exercicio 2022.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

**Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/02/2023 e o 01/04/2023 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/02/2023. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 11 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0098

## RÁBADE

*Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 6º bimestre do 2022.

Por Decreto da Alcaldía de data 30 de decembro de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 6º bimestre do 2022, cuxo importe total ascende á cantidade de 96.730,94 € (noventa e seis mil setecentos trinta con noventa e catro) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 6 de xaneiro do 2023 ó 6 de marzo do 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 30 de decembro de 2022.- o alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0099

## RIBAS DE SIL

*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2021, exponse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas. Durante este prazo os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ribas de Sil, 12 de xaneiro de 2023- O alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0100

## SARRIA

*Anuncio*

O día 10/01/2023, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2023-0035, aprobou a corrección das bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria nos seguintes termos.

O día 11/01/2023, o Alcalde de Sarria aprobou as correccións das seguintes bases específicas:

- Decreto 2023-0037: corrección convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Psicólogo, Grupo I, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria
- Decreto 2023-0036: corrección convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Orientador Laboral, Grupo II, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria
- Decreto 2023-0038: corrección convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo-discontinuo, de 8 prazas de Mestres da Escola de Música, Grupo III, incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.
- Decreto 2023-0043: corrección convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Director da Escola de Música, Grupo III, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

**DECRETO 2023-0035**

Mediante Decreto 2022-1323, de data 07/12/2022, aprobáronse as as bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

Estas bases xerais foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, de data 10/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 240 de data 20/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Con data 28/12/2022 (Rexistro 2022-E-RE-2270) recíbese un escrito suscrito polas centrais sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT no cal manifestan que, por parte destas centrais, se produciu un erro á hora de transcribir e dar lectura

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

aos criterios de desempate acordados cos traballadores deste Concello nas reunións mantidas con eles, motivo polo cal se lles deu un traslado erróneo na mesa de negociación de data 30/11/2022 que non se adapta ao contido acordado que efectivamente debía ser negociado.

Considerando que o artigo 2.4 e a Disposición adicional sexta da Lei 20/2021 estabrecen que estos procesos selectivos poderán ser obxeto de negociación.

Visto que, segundo o artigo 6.3 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, os sindicatos gozan de capacidade representativa para participar como interlocuotres na determinación das condición de traballo nas Administracións Púlbicas a través dos oportunos procedementos de consulta e negociación.

Considerando que as organización sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT actúan cumprindo os principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia que esixe, respecto da negociación colectiva, o artigo 149 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego púlbico de Galicia, co obxeto de que se fagan efectivos os acordos alcanzados cos traballadores no procedemento de consulta levado a cabo con eles.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Estimar a solicitude presentada polas organización sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT e corrixir os apartados 9.1.6 e 9.2.6 das bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria (Decreto 2022-1323, de data 07/12/2022), quedando ambos apartados coa seguinte redacción:

“Unha vez rematado o proceso selectivo, e no caso de producirse empates, estes resolveranse segundo os seguintes criterios e seguindo esta orde:

- Maior puntuación no apartado de experiencia A.1-Por servizos prestados en calquer Concello ou Organismo Autónomo dependente dun Concello
- Maior número de meses acreditados en igual praza/posto á convocada
- Maior puntuación no apartado de formación
- Maior puntuación no apartado B.1 Cursos de formación, considerado individualmente
- Maior puntuación no apartado B.2 Formación superior, considerado individualmente
- Sorteo público”.

**SEGUNDO.** Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste https://sarria.sedelectronica.es a presente resolución, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**TERCEIRO.** Publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado extracto da publicación desta resolución.

**CUARTO.** Outorgar un novo prazo de presentación de solicitudes respecto das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Sarria de 20 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial do Estado, con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022) serán admitidas sen necesidade de aportar de novo a documentación.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

**DECRETO 2023-0037**

Mediante Decreto 2022-1326, de data 07/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Psicólogo, Grupo I, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria

Estas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, de data 10/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 240 de data 20/12/2022 e no

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Con data 16/12/2022 e 19/12/2022 (Rexistro 2022-E-RE-2069 e Rexistro 2022-E-RE-2086) recíbese recurso de reposición respecto das referidas bases interposto por Noelia Gómez Díaz no que solicita o seguinte:

- A modificación do enunciado e denominación da praza, indicando "Psicólogo/a CIM", en lugar "Psicólogo/a", posto que así é como ven recollida na OPE para a estabilización do emprego temporal aprobada polo Concello de Sarria.

- Respecto dos requisitos específicos para concorrer ao proceso lectivo, indica que, segundo o artigo 10.1.b do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, se esixe respecto da praza de Psicólogo/a CIM estar en posesión de "titulación de grao, ou titulación equivalente, en Psicoloxía e contar con formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero", solicitando que se inclua este requisito específico.

Considerando que a referida praza de Psicóloga está adscrita ao Centro de Información á Muller do Concello de Sarria e que, efectivamente, no anexo de persoal vixente e no Decreto de Alcaldía 2022-0548 polo cal se aprobou a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Sarria si se denomina esta praza como "Psicólogo/a CIM".

Visto que o Centro de Información á Muller do Concello de Sarria foi acreditado e recoñecido mediante resolución da Directora Xeral do Servizo Galego de Igualdade de data 20/05/2005 e, que por tanto, existe a obriga de cumplir os requisitos do vixente Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Estimar o recurso presentado por Noelia Gómez Díaz e modificar o Decreto 2022-1326, de data 07/12/2022, quedando o mesmo redactado nos termos que se indican na presente resolución e quedando sen efecto a anterior.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica deste Concello http://sarria.sedelectronica.es.

**TERCEIRO.** Publicar extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, outorgando un novo prazo de presentación de instancias, que será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación no Boletín Oficial do Estado, e con con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

**CUARTO.** Notificar a presente resolución á Noelia Gómez Díaz.

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A CIM, GRUPO I, INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE SARRIA.**

**1.- Obxecto das presentes bases.**

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección das bases xerais que regulan os selectivos de estabilización do emprego temporal que convoque o **Concello de Sarria**, segundo o artigo 2 e a Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

En todo o non establecido nas presentes bases específicas respecto ao proceso de selección aplicaranse as bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323 e corrixidas por 2023-0035

**2. Prazas convocadas:**

As prazas convocadas son as seguintes:

| Réxime | Laboral Fixo |
|---|---|
| Grupo | I |
| Denominación | Psicólogo/a CIM |
| Sistema de selección | Concurso (D.A.6ª) |

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

| | |
|---|---|
| Nº Prazas convocadas | 1 |
| Sistema de acceso | Libre |

**3. Retribucións e funcións**

As retribucións e funcións da praza serán as establecidas para o posto 04.02.02 (Psicólogo CIM) da Relación de Postos de Traballo do Concello de Sarria aprobada definitivamente polo Pleno na sesión do 27/10/2022 (BOP 03/11/2022)

**4. Procedemento de selección:**

A selección deberá respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Os sistema de selección é o de concurso, segundo o estabrecido na DA 6ª da Lei 20/2021.

O baremo será o establecido no apartado 9.2 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323.

**5. Requisitos das persoas aspirantes:**

**5.1 Requisitos xerais:**

Serán os establecidos no apartado 5.1 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323.

**5.2 Requisitos específicos:**

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

- Titulación esixida: Licenciatura ou grao en psicoloxía

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

- Nivel de Galego: Celga 4. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.
- Contar con formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, que de deberá a creditar segundo o esixido no artigo 10.3 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento

O presente Decreto resolve un recurso de reposición e contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**DECRETO 2023-0036**

Mediante Decreto 2022-1330, de data 07/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Orientador Laboral, Grupo II, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria

Estas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, de data 10/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 240 de data 20/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Con data 28/12/2022 (Rexistro 2022-RE-2260) interpuxo recurso de reposición Noelia Viñas Gudín solicitando que, nos requisitos específicos da titulación esixida se incluía a de diplomado/a en Educación Social, fundamentándose en que no momento en que se iniciou o servizo esta titulación era preferente na Orde que no momento regulaba a convocatoria.

Con data 04/01/2022 (Rexistro 2023-E-RE-32) recíbese recurso de reposición interposto polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, no cal tamén se solicita a inclusión da titulación de diplomatura ou Grado en Educación Social nos requisitos específicos da convocatoria, alegando que estes profesionais cumpren cos requisitos para a realización das funcións da praza de orientador/a laboral.

Visto que dende a posta en fucionamento do servizo de orientación laboral deste concello esta función foi levada a cabo por unha persoa cuia titulación de acceso foi a Diplomatura en Educación Social.

Considerando que a ORDE do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022 é a máis recente na regulación da prestación deste servizo polos concellos e que na mesma se fixan como requisitos de titulación no seu artigo 12 os seguintes:

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

- Título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao.
- Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao

Considerando que a referida Orde non limita os requisitos a unha titulación específica e que na Relación de Postos de Traballo do Concello de Sarria (BOP nº251 do 03/11/2022) a titulación esixida para desempeñar o posto de Orientador/a laboral (02.03.03) é a de título universitario, de grao ou equivalente.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Estimar os recursos presentados por Noelia Viñas Gudín e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no sentido de que as persoas que estén en posesión da diplomatura ou Grado en Educación Social poidan concorrer ao proceso selectivo para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de orientador laboral, grupo II, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria

**SEGUNDO.** Modificar o apartado 5.2 das bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de orientador laboral, grupo II, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria (Decreto 2022-1330), estabrecendo como requisito de titulación "título universitario, de grao ou equivalente".

**TERCEIRO.** Publicar o texto íntegro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica deste Concello http://sarria.sedelectronica.es.

**CUARTO.** Publicar extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, outorgando un novo prazo de presentación de instancias, que será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación no Boletín Oficial do Estado, e con con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

**QUINTO.** Notificar a presente resolución a Noelia Viñas Gudín e ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

**DECRETO 2023-0038**

Mediante Decreto 2022-1331, de data 07/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo-discontinuo, de 8 prazas de Mestres da Escola de Música, Grupo III, incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

Estas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, de data 10/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 240 de data 20/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Con data 30/12/2022 (Rexistro 2022-E-RC-11224) interpuxo recurso de reposición José Luis García Díaz, solicitando que se modifiquen estas bases específicas no sentido de esixir, como requisito específico de titulación, as relacionadas na Circular 12/2006 pola que se estabrecen as titulacións que deberá posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, eliminado a admisión das persoas que se atopen no último curso do Grao Profesional de conservatorio.

Con data 09/01/2023 (Rexistro 2023-E-RC-209) presenta recurso de reposición Ana Rodríguez Fernández, alegando a omisisión da titulación esixida para a especialidade de Música e Movemento, xa que en anteriores convocatorias se requería estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Técnico en Educación Infantil, Grao en Educación Infantil ou equivalentes.

Considerando que a Escola Municipal de Música de Sarria se atopa dentro do ámbito de aplicación da Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condición de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia e que consecuentemente, é de aplicación a referida Circular 12/2006.

Visto que a omisión da titulación específica para a impartición da especialidade de Música e Movemento se trata dun erro, e que, polo tanto, procede establecer para a mesma as referidas titulacións de Técnico en Educación Infantil, Grao en Educación Infantil ou equivalentes.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Estimar os recursos presentados por José Luis García Díaz e Ana Rodríguez Fernández no sentido de incluir a titulación específica para a especialidade de Música e Movemento e de adaptar o nivel de titulación á Circular 12/2006 pola que se estabrecen as titulacións que deberá posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**SEGUNDO.** Modificar o apartado 5.2 das bases específicas para provisión, como persoal laboral fixo-discontinuo, de 8 prazas de Mestres da Escola de Música, Grupo III, incluidas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria (Decreto 2022-1331), quedando redactado nos seguintes termos:

"**5.2 Requisitos específicos:**

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

a)Titulación esixida: Estar en posesión dalgunha das titulacións relacionadas na Circular 12/2006 pola que se estabrecen as titulacións que deberá posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto da especialidade da especialidade á que se opte.

No caso da especialidade de música e movemento, estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Técnico en Educación Infantil, Grao en Educación Infantil ou equivalentes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

b)Nivel de Galego: Celga 4. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego".

**TERCEIRO.** Publicar o texto íntegro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica deste Concello http://sarria.sedelectronica.es.

**CUARTO.** Publicar extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, outorgando un novo prazo de presentación de instancias, que será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación no Boletín Oficial do Estado, e con con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

**QUINTO.** Notificar a presente resolución a José Luis García Díaz e Ana Rodríguez Fernández.

O presente Decreto resolve un recurso de reposición e contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**DECRETO 2023-0043**

Mediante Decreto 2022-1334, de data 07/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Director da Escola de Música, Grupo III, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

Estas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 281, de data 10/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 240 de data 20/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Con data 03/01/2023 (Rexistro 2023-E-RC-89) José Luis García Díaz presenta un recurso contra as referidas bases no que, en síntese, solicita a modificación das mesmas no sentido de indicar que a praza convocada é a de Mestre de música e non a de Director da Escola de Música, xa que neste segundo posto se exercen funcións directivas e o mesmo debe asignarse segundo a normativa vixente, e tamén que se adapte a titulación esixida como requisito específico á Circular 12/2006.

Con data 10/01/2023 (Rexistro 2023-E-RC-294) interpón recurso de reposición Tania Balboa Valcarce, no que se solicita tamén a corrección da titulación específica e a corrección do nome da praza, baseándose nos motivos expostos polo anterior recurrente. Ademáis, o seu recurso refírese tamén ás bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo-discontinuo, de 8 prazas de Mestre de escola de música, Grupo III, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria, solicitando a adaptación das titulacións á Circular 12/2006.

Considerando que mediante Decreto 2023-0038, de data 10/01/2023, xa foron corrixidas as titulacións das 8 prazas de Mestre de Música nos termos solicitados por Tania Balboa Valcarce e que non é precisa unha nova resolución.

Considerando que no anexo de persoal vixente esta praza está denominada como "Director" debido a que na mesma se realizan funcións de dirección da banda municipal de música.

Visto que, ademáis das referidas funcions, tamén se atribue a esta praza a impartición das clases da especialidade de trompeta.

Visto que na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Sarria se realiza a regularización dos postos con funcións directivas e a súa asignación para adaptarxe á normativa vixente.

Considerando que no apartado 3 das bases aprobadas por Decreto 2022-1334 esta praza está adscrita ao posto 05.02.01 (Mestre Escola de Música) da Relación de Postos de Traballo do Concello de Sarria aprobada

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

definitivamente polo Pleno na sesión do 27/10/2022 (BOP 03/11/2022), no cal non se atribuen as funcións directivas.

En aras da seguridade xurídica e considerado que a denominación da praza non pretende o estabrecemento ou fixación de forma permanente das funcións directivas na persoa que supere o proceso selectivo e obteña a mesma.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Estimar os recursos presentados por José Luis García Díaz e Tania Balboa Valcarce no sentido de adaptar o nivel de titulación á Circular 12/2006 pola que se estabrecen as titulacións que deberá posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia e de corrixir a denominación da praza co obxeto de adaptala á legalidade vixente.

**SEGUNDO.** Corrixir a Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria (Decreto 2022-0548 e corrección mediante Decreto 2022-0865) nos seguintes termos:

Onde di:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| G.C. 3 | DIRECTOR ESCOLA MUSICA | 1 | 01/02/1999 | D.A. 6ª |

Debe decir:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| G.C. 3 | DIRECTOR BANDA – MESTRE ESCOLA DE MÚSICA | 1 | 01/02/1999 | D.A. 6ª |

**TERCEIRO.** Modificar as bases específicas para provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Director da Escola de Música, Grupo III, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria (Decreto 2022-1334, de data 07/12/2022) quedando redactadas nos termos que se indican na presente resolución e deixando sen efecto a anterior.

**CUARTO.** Publicar o texto íntegro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na sede electrónica deste Concello http://sarria.sedelectronica.es.

**QUINTO.** Publicar extracto da presente resolución no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, outorgando un novo prazo de presentación de instancias, que será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación no Boletín Oficial do Estado, e con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 307 de data 23/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

**SEXTO.** Notificar a presente resolución a José Luis García Díaz e Tania Balboa Valcarce.

**SÉPTIMO.** Notificarlle a Tania Balboa Valcarce o Decreto 2023-0038, de data 10/01/2023, no cal xa se lle da resposta ás alegacións referentes ás bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo-discontinuo, de 8 prazas de Mestre de escola de música, Grupo III, incluida na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria, adaptando as titulacións á Circular 12/2006.

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA PRAZA DE DIRECTOR DE BANDA – MESTRE DE ESCOLA DE MÚSICA, GRUPO III, INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE SARRIA.**

**1.- Obxecto das presentes bases.**

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección das bases xerais que regulan os selectivos de estabilización do emprego temporal que convoque o **Concello de Sarria**, segundo o artigo 2 e a Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

En todo o non establecido nas presentes bases específicas respecto ao proceso de selección aplicaranse as bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323 e corrixidas mediante Decreto 2023-0035.

**2. Prazas convocadas:**

As prazas convocadas son as seguintes:

| Réxime | Laboral Fixo |
|---|---|
| Grupo | III |
| Denominación | Director Banda – Mestre de Escola de Música (Especialidade Trompeta) |
| Sistema de selección | Concurso (D.A.6ª) |
| Nº Prazas convocadas | 1 |
| Sistema de acceso | Libre |

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)

**3. Retribucións e funcións**

As retribucións e funcións da praza serán as establecidas para o posto 05.02.01 (Mestre Escola de Música) da Relación de Postos de Traballo do Concello de Sarria aprobada definitivamente polo Pleno na sesión do 27/10/2022 (BOP 03/11/2022)

**4. Procedemento de selección:**

A selección deberá respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

Os sistema de selección é o de concurso, segundo o estabrecido na DA 6ª da Lei 20/2021.

O baremo será o establecido no apartado 9.2 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323

**5. Requisitos das persoas aspirantes:**

**5.1 Requisitos xerais:**

Serán os establecidos no apartado 5.1 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323

**5.2 Requisitos específicos:**

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto de Alcaldía 2022-1323, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

a) Titulación esixida: Estar en posesión dalgunha das titulacións relacionadas na Circular 12/2006 pola que se estabrecen as titulacións que deberá posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto da especialidade da especialidade á que se opte.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

b) Nivel de Galego: Celga 4. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.

O presente Decreto resolve un recurso de reposición e contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sarria, 12 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0101

Anuncio publicado en: Num BOP 14 año 2023 (18/01/2023 08:00:00)